



ACTA Nº5 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE ARQUITECTA/O SUPERIOR, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, NA EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DE LUGO S.A. - EVISLUSA.

Sendo as 09.00 horas do día 9 de xullo de 2026, reúnen-se nas oficinas de Actas e Goberno, os membros designados/as polo Presidente do Consello de Administración en aplicación das bases aprobadas polo Consello de Administración da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVISLUSA) de 30 de xullo de 2024 polo que se modificou o de data 20 de marzo de 2024 relativos á aprobación das bases e convocatoria pública para a provisión dun posto de traballo de arquitecto/a superior mediante o sistema de concurso oposición na Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA).

Actúan como presidenta suplente, Dona Patricia Berta Vázquez Mille, Xefa de Servizo de Arquitectura do Excmo. Concello de Lugo, Don Benigno Jauregui Fernández, xerente de EVISLUSA e Don Manuel Eduardo López Vázquez, Arquitecto do Concello de Becerreá-Lugo como vocais. Como secretaria titular, dona Ana María Rivas García, titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo.

Existindo quorum se declara constituído o Tribunal continuándose cos seguintes trámites que consisten na corrección de erros na relación das puntuacións acadadas polos aspirantes no proceso de selección, postos de manifesto por dous deles, e que en nada afectan ao resultado do mesmo pois só superou éste, Dona Tania Riveira Fompedriña á súa vez solicitante da corrección do erro apreciado no número de respostas falladas que pasa de 20 a 19 e as en branco que pasan de 8 a 9. Tamén reclamou a corrección de erros Dona Beatriz Álvarez Fontela comprobándose que en efecto, o número de respostas falladas pasa de 19 a 18 e as en branco de 19 a 20 sen que por elo supere a proba.

Por todo o anterior o Tribunal acorda correxir os erros detectados na acta deste órgano de data 25 de febreiro de 2026 e anuncio nº 3, de xeito que a relación de aspirantes e ás súas puntuacións son:

AMRG

Ref: Acta nº 5

Asunto: ACTA SESIÓN PROCESO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE ARQUITECTO/A SUPERIOR MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN



APELIDOS E NOME	DNI	RESPOSTAS ACERTADAS	RESPOSTAS FALLADAS	RESPOSTAS EN BRANCO	RESULTADO
ÁLVAREZ FONTENLA BEATRIZ	**8965***	52	18	20	Non apto
ÁLVAREZ GALLEGU ISABEL	**2716***	25	35	30	Non apto
CASANOVA ADÁN ALICIA	**2781***	34	34	22	Non apto
FERNÁNDEZ PERNÁS MARÍA	**3474***	37	53	0	Non apto
GÓMEZ MAGIDE DANIEL	**5602***	53	36	1	Non apto
MIGUEL PRIETO MONTSERRAT	**0098***	36	45	9	Non apto
NÚÑEZ FERNÁNDEZ JENNIFER	**3477***	57	26	7	Non apto
PASARÍN CASTRO PABLO RICARDO	**8530***	49	34	7	Non apto
PÉREZ VÁZQUEZ AGUSTÍN	**0824***	28	23	39	Non apto
QUEIRO ARIAS ÁLVARO	**1254***	52	10	28	Non apto
RIVEIRA FOMPEDRIÑA TANIA	**5509***	62	19	9	15,70
RODRÍGUEZ FRANCISCO MARTA	**3372***	38	43	9	Non apto
TARRÍO GOY SANTIAGO	**5514***	Non entrega o exame			

A puntuación da aspirante proposta para ser contratada como persoal laboral fixo de EVISLUSA no posto de traballo de ARQUITECTO:

ASPIRANTE	DNI	FASE OPOSICIÓN	FASE CONCURSO	TOTAL
RIVEIRA FOMPEDRIÑA TANIA	**5509***	15,70	4	19,70

Asimesmo, acórdase dar publicidade á listaxe correxida, sen que contra ela proceda reclamación algunha ao tratarse dunha mera corrección de erros que en nada afecta ao fondo do asunto.

E para que conste asinan a presente acta os membros do tribunal enriba citados, dando por finalizado o acto ás 10:00 horas do día da data, de todo o que como Secretaria do Tribunal dou fe.